Data envio: 18/07/2018 09:49:47.097

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:43

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33575
Data envio: 18/07/2018 09:49:39.753
Data 18/07/2018 09:49

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24804,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos á viaxe oficial a Boston iniciada pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica o día 19 de marzo de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos"**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"Do 19 ao 22 de marzo de 2017 a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, asistiu en Boston á FEIRA SEAFOOD EXPO NORT AMERICA que tivo lugar alí.

Na mesma a Consellería do Mar da Xunta de Galicia tivo presenza cun stand no que 12 empresas galegas do sector son coexpositoras e realizan o seu traballo de comercialización e internacionalización.

A asistencia a ésta, coma a outras feiras, entra dentro da actividade propia do cargo, colaborando coas empresas, acompañándoas e tratando de facilitar o camiño da internacionalización. Lográronse contactos que culminaron en peche de acordos e transaccións económicas.

Aproveitouse a viaxe para manter unha xuntanza de traballo cos organizadores das SEAFOOD BRUXELAS, HONG KONG e BOSTON, coa finalidade de negociar o espazo dos postos da Consellería para 2018.

CVE-PREPAR: c28d7586-d9c3-8ca9-f468-172cdfd98649

111176
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:49:35

Asimesmo visitou os postos de México e Perú, países nos que Galicia ten interese en materia de pesca e comercialización de produtos do mar.

Todos os custes de desprazamento e estadía do persoal da Consellería, tanto os dous técnicos que estiveron presentes para atender ás empresas asistentes, como o da propia directora xeral, están incluídos nos custos da Feira, que como ben saben, adxudícase nun concurso público, do que existen datos**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: c28d7586-d9c3-8ca9-f468-172cdfd98649

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33575
Data envio: 18/07/2018 09:49:39.753

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:35

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33574
Data envio: 18/07/2018 09:49:31.097
Data 18/07/2018 09:49

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24805,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos á viaxe oficial a Milán iniciada pola directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica o día 7 de maio de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos"**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"Do 7 ao 10 de maio de 2018 a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, desprazouse a Milán para participar na FEIRA TUTTOFOOD que tivo lugar alí do 8 ao 11.

Na devandita Feira, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia tivo presenza cun stand no que 10 empresas galegas do sector son coexpositoras e realizan o seu traballo de comercialización e internacionalización.

A asistencia a esta, coma a outras feiras, entra dentro da actividade propia do cargo, colaborando coas empresas, acompañándoas e tratando de facilitar o camiño da internacionalización. Lográronse contactos moi interesantes para pechar negocios.

Neste senso mantivéronse, entre outros, contactos coa Cámara de Comercio de España en Italia, co fin de potenciar a promoción de empresas galegas nese mercado.

Contactouse coa principal asociación de produtores pesqueiros de Italia, ASSOITICA, que ven de estreitar dentro da última feira CONXEMAR os lazos con esta asociación para

CVE-PREPAR: 59a10722-cfd1-8a23-1af3-3844e09641e4

111179
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:49:26

traballar en común.

Aproveitouse tamén para visitar a unha empresa acuícola italiana (ALMAR) que realiza todo o proceso dende a a cría das larvas de ameixa ata a produción, así como tamén a comercialización ao dispoñer de depuradora propia e envasar ao baleiro. Producen tamén mexillón en long line e importan mexillón galego para a súa venda no mercado italiano.

Todos os custes de desprazamento e estadía do persoal da Consellería, tanto os dous técnicos que estiveron presentes para atender ás empresas asistentes, como o da propia directora xeral, están incluídos nos custos da feira, que como ben saben, adxudícase nun concurso público, do que existen datos.

En definitiva, sinalar que as dietas son as que aparecen reflectidas na normativa vixente**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 59a10722-cfd1-8a23-1af3-3844e09641e4

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33574
Data envio: 18/07/2018 09:49:31.097

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:26

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33573
Data envio: 18/07/2018 09:49:22.956
Data 18/07/2018 09:49

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24807,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos ás viaxes a Bruxelas realizadas pola directora do Intecmar os días 25 de xaneiro e 9 de xuño de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos"**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"As viaxes a Bruxelas da directora do Intecmar, foron dúas cuxos gastos globais foron de 2.306,46 euros.

En ambos casos, o motivo da viaxe foi a participación na reunión do Grupo de Traballo en Moluscos Bivalvos organizado pola Unidade G4 da DG SANTE da Unión Europea celebrado, segundo consta no Centre Borschette, rue Froissart 36, Bruxelas, que se desenvolveron ao longo do día, ata as 18:00 horas.

En ditas reunións participan representantes da Comisión, DG Mare, Axencia Europea de Seguridade Alimentaria (EFSA), Laboratorios Comunitarios de Referencia en Biotoxinas marinas e en Microbioloxía e Viroloxía dos Moluscos Bivalvos así como diferentes expertos dos diferentes estados membros.

A valoración da participación foi moi positiva xa que nese foro se resume o tratado nas reunións da rede europea de Laboratorios Nacionais de Referencia de Moluscos Bivalvos e se discuten aspectos que poden ter diferente interpretación entre os diferentes países e que

CVE-PREPAR: 63b43b89-f8d9-9584-6571-45c7fd254358

111182
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:49:18

incluso poderían chegar a verse reflexados nun futuro na lexislación.

Sendo Galicia a principal rexión produtora de moluscos de Europa considérase prioritario a participación neste grupo de traballo**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 63b43b89-f8d9-9584-6571-45c7fd254358

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33573
Data envio: 18/07/2018 09:49:22.956

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:18

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33572
Data envio: 18/07/2018 09:49:13.690
Data 18/07/2018 09:49

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 24808,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de dona Carmen Santos Queiruga e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"os datos referidos á viaxe a París realizada pola directora do Intecmar o día 13 de marzo de 2017, así como a avaliación da Xunta de Galicia respecto do cumprimento dos seus obxectivos"**, (publicada no BOPG número 257 do 9 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"A viaxe a París da directora do Intecmar, que tivo lugar o 14 de marzo de 2017, tivo un custe de 804,57 euros.

En canto ao motivo da viaxe, sinalar que foi a participación na reunión do *Grupo 2 de Moluscos do Comité Consultivo da Acuicultura* celebrada o 14 de marzo de 2017 na sede do Comité Nacional da Acuicultura, 122 rue Javel, París de 10:00 a 16:30 horas.

En dita reunión participan representantes da Comisión (DG SANCO e DG MARE), así como de diferentes asociación de produtores de moluscos, comités rexionais de acuicultura e expertos de diferentes estados membros.

A valoración da participación é moi positiva xa que nese foro se trataron cuestións relevantes para o sector produtor e transformador galego e intimamente relacionadas coas redes de control desenvolvidas por INTECMAR tales como a aplicación de normativa europea (Directiva 2006/88 de Sanidad Animal, Directiva Marco da Auga e Regulamento EU 2285/2015), así como as estratexias mariñas, os avances no estudo de Norovirus organizado

CVE-PREPAR: d7eebcf4-edf7-4210-3201-0937668a5ea5

111185
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:49:09

pola EFSA e o estado do dictame da EFSA sobre Tetrodotoxinas.

Sendo Galicia a principal rexión produtora de moluscos de Europa considérase prioritario a participación neste grupo de traballo**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: d7eebcf4-edf7-4210-3201-0937668a5ea5

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33572
Data envio: 18/07/2018 09:49:13.690

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33571
Data envio: 18/07/2018 09:49:05.425
Data 18/07/2018 09:49

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 25225,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as razóns do Goberno galego para desfacerse do seu 10% de accionariado en Sogarisa na súa actividade de explotación do Centro de Tratamento de Residuos Industriais de Galicia, o destino que lle dou e a apertura dalgún expediente por presuntas irregularidades nos residuos nos días posteriores á apertura da plica presentada para a adxudicación da xestión do centro, así como as intencións da actual entidade xestora do complexo en materia de persoal"**, (publicada no BOPG número 262 do 16 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"A antiga Sogarisa era unha modalidade de contrato de xestión de servizo público. A súa extinción levouse a cabo subseguintemente á perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais en Galicia, en virtude do Decreto 169/2014, do 26 de decembro, polo que se derroga o Decreto 154/1993, do 24 de xuño, polo que se aproba o réxime xurídico básico do servizo público de xestión dos residuos industriais na Comunidade Autónoma de Galicia.

A nova licitación levouse a cabo na modalidade de contrato administrativo especial, coherentemente coa perda da condición de servizo público do tratamento de residuos industriais e tras unha decisión xurídica amparada na lei de contratos do sector público.

O 10% correspondente á participación da Xunta de Galicia na sociedade de economía mixta

CVE-PREPAR: 065a6210-ed33-ccd0-4105-fa70648b1772

111188
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:49:01

Sogarisa forma parte do resto de activos e pasivos da sociedade, obxecto de liquidación tras a súa extinción, como calquera outra persoa xurídica deste tipo. Procedéndose tras o dito proceso de liquidación, no seu caso, ao reintegro dos créditos a favor das partes que lles corresponden.

En data 2/6/2016 iniciouse un procedemento sancionador pola suposta execución dunha rede de drenaxe non contemplada na autorización ambiental integrada da instalación. Este procedemento foi finalmente arquivado, concluíndo que non existía incumprimento da autorización constitutivo de infracción ao terse constatado que dita rede foi executada con carácter temporal en tanto non se solventaba unha obstrución xurdida na rede orixinal.

En canto ás toneladas de residuos xestionadas foron as seguintes:

- 2009: 81.902,49

- 2010: 103.664,33

- 2011: 100.675,34

- 2012: 97.501, 87

- 2013: 83.494, 24

- 2014: 86.889, 10

-2015: 84.276,57

-2016: 83.077

A oferta formulada pola entidade finalmente adxudicataria incluía o proxecto organizativo de do persoal.

Por último, cómpre subliñar que desde a data 28/12/2016 en que a UTE se fixo cargo da

CVE-PREPAR: 065a6210-ed33-ccd0-4105-fa70648b1772

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33571
Data envio: 18/07/2018 09:49:05.425

Planta de Tratamento de Residuos Industriais vén dedicándose de maneira total á prestación do servizo de xestión e tratamento de residuos industriais. En consecuencia, o convenio colectivo aplicable é o de Residuos, publicado no BOE de data 23 de setembro de 2016. No entanto, en virtude do disposto no artigo 44.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, o convenio aplicado ata 31/12/2017 (data da súa expiración) era o da Industria Química, por ser este polo que se rexían as relacións laborais dos traballadores afectados pola sucesión de empresa operada polo cambio de concesionario**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 065a6210-ed33-ccd0-4105-fa70648b1772

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:49
Nº Rexistro: 33571
Data envio: 18/07/2018 09:49:05.425

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:49:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33570
Data envio: 18/07/2018 09:48:57.924
Data 18/07/2018 09:48

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 26082,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona María Montserrat Prado Cores e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo ou previstas pola Xunta de Galicia en relación coa situación de precariedade laboral existente na empresa concesionaria do mantemento da autovía do Salnés"**, (publicada no BOPG número 264 do 21 de febreiro de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Infraestruturas e Vivenda,** que ten o seguinte contido:

"Desde o Goberno galego vélase polo estrito cumprimento das medidas que garanten a seguridade laboral dos traballadores e tamén, por suposto, dos usuarios da vía. A Xunta sempre estivo preocupada pola seguridade laboral dos traballadores.

Lembrar que existen protocolos de seguridade e un plan de seguridade e saúde que establece as actuacións e os protocolos a seguir.

O persoal dedicado á brigada de labores de conservación e mantemento disposta na vía pola sociedade concesionaria Autoestrada do Salnés, Sociedade Concesionaria da Xunta de Galicia, SA, consta de catro operarios de mantemento e un encargado COEX (conservación e explotación da estrada). No caso de baixa ou cese dalgún traballador, o posto cóbrese de xeito inmediato. Así mesmo, existe un Coordinador de Seguridade e Saúde designado pola sociedade concesionaria.

O Plan de Conservación e Explotación contén un Plan de Seguridade e Saúde durante a fase de explotación. En cumprimento do establecido no Plan os traballadores dispoñen de

CVE-PREPAR: b7b733f7-3228-fa17-e811-42f4aef13fb1

111192
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:54

protocolos específicos que rexen as actuacións en caso de accidentes. Estes protocolos están asinados polos traballadores e a disposición de todos eles nos taboleiros da sala de control e da nave de operación.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b7b733f7-3228-fa17-e811-42f4aef13fb1

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33570
Data envio: 18/07/2018 09:48:57.924

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:54

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33569
Data envio: 18/07/2018 09:48:50.221
Data 18/07/2018 09:48

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27090,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as previsións da Xunta de Galicia en relación coa inclusión do Observatorio Galego de Educación Ambiental no organigrama da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, os datos referidos á súa composición, funcionamento, financiamento e actividade que vai levar a cabo, así como as intencións do Goberno galego respecto da avaliación da posibilidade de incluír o acivro, como especie vulnerable, no Catálogo Galego de Especies Ameazadas"**, (publicada no BOPG número 272 do 7 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio,** que ten o seguinte contido:

"O referido órgano colexiado adscríbese á Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio tal e como establece o artigo 2 do Decreto 193/2012, do 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio Galego de Educación Ambiental, sen necesidade de participar na súa estrutura xerárquica, en consonancia co establecido no artigo 14 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do Sector Público de Galicia.

O réxime de funcionamento deste órgano consultivo está especificado no artigo 9 do Decreto 193/2012, mentres que o financiamento vén determinado na disposición adicional segunda.

A composición deste observatorio está detallada no Decreto 11/2018, do 18 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 193/2012, do 27 de setembro, polo que se regula o Observatorio

CVE-PREPAR: b751d3f7-30c7-dba9-71f6-7fe90daa6f45

111195
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:33

Galego de Educación Ambiental.

En relación ao acivro, o axuste normativo efectuado en relación a esta especie non supón ningún obstáculo para calquera tipo de iniciativa que se puidera impulsar para a súa posible incorporación no Catálogo Galego de Especies Ameazadas, proposta que deberá xustificarse e enmarcarse no procedemento establecido no artigo 8 do Decreto 88/2007**."**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: b751d3f7-30c7-dba9-71f6-7fe90daa6f45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33569
Data envio: 18/07/2018 09:48:50.221

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:33

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33568
Data envio: 18/07/2018 09:48:29.502
Data 18/07/2018 09:48

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27420,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario referido á dotación de servizos de banda larga ultrarrápida a aqueles autónomos ou empresas illadas situadas no rural que se atopan e situación de desigualdade dixital fronte ás empresas das zonas máis urbanas, así como a dotación económica prevista para ese fin"**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia, no marco do Plan de Banda Larga 2020, puxo en marcha no ano 2017 unha convocatoria de axudas, xa rematada, para a dotación do servizo de banda larga ultrarrápida a empresas e autónomos situados en zonas illadas do rural.

Calquera empresa ou autónomo ubicado en zonas illadas do rural sen cobertura de redes de 30Mbps, ou máis, podía solicitar as axudas da Xunta para a dotación dun servizo de banda larga ultrarrápida. Grazas a esta actuación beneficiáronse finalmente un total de máis de 30 empresas de toda Galicia. As subvencións concedidas a estas empresas comprenderon entre o 70% e o 100% dos custos das tarefas necesarias para dotar do servizo ás mesmas, abarcando os importes das axudas concedidas dende os 2.000 euros ata os 20.000 euros.

Os servizos de banda larga ultrarrápida contratados polas empresas permitirán velocidades de acceso a internet dende os 50Mbps ata os 350Mbps. A mellora da velocidade de acceso a internet, con respecto aos servizos actuais das empresas beneficiarias, supera os 80Mbps en case o 90% dos casos chegando incluso a superar os 300Mbps en algunha das empresas beneficiarias das axudas.

En relación á convocatoria de axudas a empresas e autónomos situados en zonas illadas do rural, executada no ano 2017, contaba cun orzamento total de 500.000 euros, dos cales, concedéronse finalmente preto de 400.000 euros.

CVE-PREPAR: 7e37f633-a935-7d86-bdf1-77bfc98e8966

111198
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:25

Por outra banda, compre salientar que o Plan de Banda Larga 2020 xa contaba coa actuación de despregamento de redes de 350Mbps en polígonos industriais e dispón dun orzamento público total de 3,4 millóns de euros. E ademais, neste ano 2018 acábase de poñer en marcha a nova actuación do Plan que consiste no despregamento de redes de cando menos 100Mbps en entidades de poboación de menos de 300 habitantes e conta cun orzamento público total de máis de 14 millóns de euros. Pola súa banda, o Estado focalizará os seus esforzos en cubrir as poboacións de maior tamaño de Galicia coas convocatorias xa en marcha e as que licite nos vindeiros anos no marco do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA). Segundo comunicou recentemente o Estado, para o período 2018 – 2021 conta cun orzamento total de 525 millóns de euros para estes despregamentos, cofinanciados con fondos FEDER, dos cales case 70 millóns destinaranse a Galicia (é a segunda comunidade con maior orzamento).

Finalmente, engadir que as axudas para empresas e autónomos foron solicitadas por usuarios de máis dunha vintena de concellos das catro provincias. Unha actuación complementaria á da dotación de redes ultrarrápidas a 81 polígonos industriais que permitirá que o 93% da superficie empresarial ocupada teña acceso a redes de máis de 100Mbps. Ademais, están en marcha dúas medidas da Xunta e do Estado, que facilitarán cobertura de máis de 30Mbps a máis de 330.000 galegos de núcleos de 258 concellos nos que non hai redes ultrarrápidas nin previsión de dispoñer delas**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 7e37f633-a935-7d86-bdf1-77bfc98e8966

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33568
Data envio: 18/07/2018 09:48:29.502

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:25

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33567
Data envio: 18/07/2018 09:48:21.627
Data 18/07/2018 09:48

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 27421,** formulada polo Grupo Parlamentario Socialista de Galicia, a iniciativa de don José Manuel Pérez Seco e don Abel Fermín Losada Álvarez, sobre **"as actuacións desenvolvidas pola Xunta de Galicia xunto co Goberno central para o cumprimento do acordo parlamentario do 21 de marzo de 2017 referido ao despregamento de redes de acceso de nova xeración de moi alta velocidade, así como a contía dos fondos europeos dispoñibles e investidos para garantir o cumprimento dos obxectivos comunitarios ao respecto"**, (publicada no BOPG número 278 do 16 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia e o Goberno de España están a desenvolver actuacións complementarias de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida de cando menos 100Mbps na Comunidade galega. Ambas administracións estanse a coordinar neste tipo de medidas para aproveitar ao máximo os fondos dispoñibles e evitar a duplicidade de esforzos e recursos.

A este respecto, no marco do Plan de Banda Larga 2020, a Xunta puxo en marcha en marzo deste ano 2018 unha nova actuación de despregamento de redes de cando menos 100Mbps que se desenvolverá ata o ano 2020 en entidades de poboación de menos de 300 habitantes.

Estes despregamentos da Xunta complementarán aos previstos polo Estado ata o ano 2021, destinados ás entidades con maior poboación e xestionados a través das convocatorias xa en marcha e as que se liciten nos vindeiros anos no marco do Programa Nacional de Extensión da Banda Larga de Nova Xeración (PEBA).

O Goberno galego conta cun orzamento total de 18,64 millóns de euros (cofinanciado con FEADER) para o desenvolvemento das actuacións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida que se executen no marco do Plan de Banda Larga 2020 coa finalidade de cumprir cos obxectivos europeos de cobertura de redes de alta velocidade. Con este

CVE-PREPAR: 01b30f95-c7b2-88e6-e6a1-edbbcdba2734

111201
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:17

orzamento estanse a estender:

-Redes ultrarrápidas en polígonos industriais

-Axudas para a conexión a redes ultrarrápidas de autónomos e empresas illadas

-Redes ultrarrápidas en entidades de poboación de menos de 300 habitantes

O Estado comunicou recentemente que, para o período 2018 – 2021 conta cun orzamento total (cofinanciado con FEDER) de case 70 millóns de euros para Galicia para a extensión de redes de 300Mbps que, sumados aos máis de 21 millóns de euros xa concedidos nas convocatorias postas en marcha do PEBA, suman un total de 91 millóns de euros.

Finalmente, cómpre sinalar que o Estado está a traballar nunha orde coa que se aprobará o plan que deberán executar os operadores titulares de concesións demaniais na banda de 800 MHz que dispoñan de 10MHz pareados para proporcionar cobertura de 30 Mbps, ou superior, ao 90% dos cidadáns de núcleos de menos de 5.000 habitantes ao inicio do ano 2020

A este respecto, polo momento non se aprobou o Plan que ademais, se prevé que inclúa requisitos de cobertura a nivel autonómico obrigando a cubrir o 85% da poboación de núcleos de menos de 5.000 habitantes de cada Comunidade Autónoma**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 01b30f95-c7b2-88e6-e6a1-edbbcdba2734

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33567
Data envio: 18/07/2018 09:48:21.627

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:17

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33566
Data envio: 18/07/2018 09:48:13.970
Data 18/07/2018 09:48

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28039,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **"a composición da delegación que acompañou a directora xeral de Pesca na súa viaxe a Cabo Verde entre os días 18 e 21 de outubro de 2017, o detalle da axenda, os obxectivos e a avaliación feita pola Xunta de Galicia desa viaxe"**, (publicada no BOPG número 281 do 22 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"Do 18 ao 21 de outubro de 2017 a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, asistiu en Mindelo (Cabo Verde) á celebración da FEIRA EXPOMAR que tivo lugar alí.

Na mesma a Consellería do Mar da Xunta de Galicia tivo presenza cun stand no que 10 empresas galegas do sector son coexpositoras e realizan o seu traballo de comercialización e internacionalización.

A asistencia a ésta, coma a outras feiras, entra dentro da actividade propia do cargo, colaborando coas empresas, acompañándoas e tratando de facilitar o camiño da internacionalización. Lográronse contactos que culminaron en peche de acordos e transaccións económicas.

Aproveitouse, ademais, para realizar visitas por un lado a unha empresa con vínculos galegos, FRÍO DE MINDELO (vinculada a ATUNLO).

CVE-PREPAR: 2821c1f2-9853-45d3-7d94-b69f4e4aca29

111204
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:09

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33566
Data envio: 18/07/2018 09:48:13.970

Igualmente mantívose un encontro co Ministro de Economía e Emprego do Goberno de Cabo Verde, para avanzar na colaboración que a Xunta mantén co Goberno caboverdiano en materia de xestión e comercialización e infraestruturas da pesca.

No mesmo sentido mantivo unha reunión co presidente do ente público que xestiona os portos de Cabo Verde (ENAPOR), dentro do memorando de entendemento entre Galicia e Cabo Verde.

Todos os custes de desprazamento e estadía do persoal da Consellería, tanto dos técnicos que estiveron presentes para atender ás empresas asistentes, como o da propia directora xeral, están incluídos nos custos da feira, que como ben saben, adxudícase nun concurso público, do que existen datos.

En definitiva, as dietas son as que aparecen reflectidas na normativa vixente**.”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 2821c1f2-9853-45d3-7d94-b69f4e4aca29

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33566
Data envio: 18/07/2018 09:48:13.970

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:09

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33565
Data envio: 18/07/2018 09:48:05.767
Data 18/07/2018 09:48

RS/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 28045,** formulada polo Grupo Parlamentario En Marea, a iniciativa de don Luís Villares Naveira e dona Carmen Santos Queiruga, sobre **"a axenda institucional, a composición da delegación, os gastos e a avaliación dos resultados da viaxe que realizou a directora xeral de Pesca a Hong Kong entre o 4 e o 8 de setembro de 2017"**, (publicada no BOPG número 285 do 28 de marzo de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería do Mar,** que ten o seguinte contido:

"Do 4 ao 8 de setembro de 2018 a directora xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, desprazouse a Hong Kong para participar na FEIRA SEAFOOD EXPO ASIA que tivo lugar alí do 5 ao 7 (a viaxe dura case 20 horas, polo que o 4 foi o día de saída e o 8 o de chegada).

Na devandita Feira, a Consellería do Mar da Xunta de Galicia tivo presenza cun stand no que 6 empresas galegas do sector son coexpositoras e realizan o seu traballo de comercialización e internacionalización.

A asistencia a esta, coma a outras feiras, entra dentro da actividade propia do cargo, colaborando coas empresas, acompañándoas e tratando de facilitar o camiño da internacionalización. Lográronse contactos moi interesantes para pechar negocios.

Neste senso mantivéronse contactos coa Oficina Comercial de España en Hong Kong, co fin de que as empresas galegas podan mellorar a súa presenza na zona.

Todos os custes de desprazamento e estadía do persoal da Consellería, tanto os dous

CVE-PREPAR: 86daf900-2b12-2ed3-c126-bcf8f31c46d8

111207
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:48:01

técnicos que estiveron presentes para atender ás empresas asistentes, como o da propia directora xeral, están incluídos nos custos da feira, que como ben saben, adxudícase nun concurso público, do que existen datos.

En definitiva, as dietas son as que aparecen reflectidas na normativa vixente.**”**

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

Santiago de Compostela,

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias
(*ASINADO DIXITALMENTE)*

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

CVE-PREPAR: 86daf900-2b12-2ed3-c126-bcf8f31c46d8

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:48
Nº Rexistro: 33565
Data envio: 18/07/2018 09:48:05.767

Asinado dixitalmente por:

DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS na data 18/07/2018 9:48:01

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 18/07/2018 09:47
Nº Rexistro: 33564
Data envio: 18/07/2018 09:47:57.579
Data 18/07/2018 09:47

AG/mc

En relación coa pregunta con resposta escrita **número: 29319,** formulada polo Grupo Parlamentario Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de dona Noa Presas Bergantiños e outros/as deputados/as do mesmo grupo, sobre **"as actuacións levadas a cabo polo Goberno galego para o cumprimento do acordo parlamentario do 9 de outubro de 2017 referido aos problemas de cobertura telefónica e de conexión á internet da veciñanza do concello de Cartelle, así como ao desenvolvemento do Plan de banda larga de Galicia 2020, o prazo previsto para o arranxo das zonas de sombra que permanecen nese concello e as conversas mantidas ao respecto"**, (publicada no BOPG número 294 do 19 de abril de 2018), teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia,** que ten o seguinte contido:

"A información que demanda esta iniciativa xa foi facilitada no Parlamento ao darlle resposta á iniciativa 29320 na Comisión 6ª do 6.07.2018, nos seguintes termos:

O Goberno galego está a levar a cabo diversas actuacións coa finalidade de mellorar a situación da cobertura, no só no concello de Cartelle, se non no territorio galego en xeral.

Por unha banda puxéronse en marcha varias medidas de impulso do despregamento de redes de banda larga ultrarrápida enmarcadas no Plan de Banda Larga 2020 que complementan ás actuacións que está a levar a acabo o Estado neste ámbito.

No marco destas actuacións despregarase fibra óptica nos seguintes núcleos do Concello de Cartelle: Santa Baia, Cartelle, SABUCEDO, San Tomé Espiñoso, As Maravillas e Outomuro

E no Concello de A Merca: A Mezquita, PEREIRA DE MONTES e Froxas das Viñas, A Manchica, A Merca e Parderrubias.

Cabe sinalar que o Concello de Cartelle trasladoulle á Amtega a situación da cobertura e o ofrecemento por parte da Comunidade de Montes dunha ubicación para instalar unha

CVE-PREPAR: 5720f202-c3d8-9b74-3c37-5cfd133e2a98

111210
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 18/07/2018 09:47:53

estación base de telefonía móbil na zona. Desde a Amtega informamos ao Concello da imposibilidade de obrigar aos operadores a proporcionar cobertura, pero co fin de tratar de explorar posibles solucións, trasladamos ao operador a información recibida do concello.

A comezos de 2016, Movistar, o Concello de Cartelle e a Comunidade de Montes fixan o acordo para autorizar a construción dun emprazamento en Montevelle.

Sen embargo, en marzo de 2016 tras un cambio na directiva da Comunidade de Montes rexeitase o emprazamento e tense que desistir da súa construción así como do investimento que o operador xa tiña orzamentado.

Respecto a outros posibles emprazamentos propostos, o operador xa tiña identificado o emprazamento que solucionaba o problema da cobertura móbil, que era Montevelle.

Engadir ademais que a Comisión Europea, a través da Axenda Dixital para Europa, fixou para o 2020 o obxectivo de que dotar de cobertura de 30Mbps á totalidade da poboación e impulsar a contratación de servizos de 100Mbps nos fogares.

Acadar estes obxectivos require da actuación das administracións públicas, especialmente para que estas redes cheguen as poboacións de menor tamaño, onde os operadores non realizan despregamentos por considerar que non son rendibles.

En concreto, conforme á normativa europea, as actuacións de despregamento de redes de banda larga ultrarrápida deben dirixirse a aquelas zonas que non contan nin teñen previsión de contar con cobertura de redes de, cando menos, 30Mbps. E os núcleos de Cartelle cumpren con estes requisitos, motivo polo cal prevense na actualidade despregamentos nun total de 7 núcleos deste concello entre as actuacións da Xunta e do Estado.

Cómpre salientar que, coas convocatorias pendentes de publicar polo Estado nos próximos anos ampliaranse as zonas de actuación do despregamento de fibra nos concellos de Galicia.

CVE-PREPAR: 5720f202-c3d8-9b74-3c37-5cfd133e2a98

XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

galicia

Finalmente, sinalar que só o Estado, en base ás súas competencia en materia de telecomunicacións, pode xerar solucións globais aos problemas concretos que hai actualmente en concellos como o de Cartelle.

Coas medidas expostas, que se están a desenvolver na actualidade no ámbito da extensión de fibra óptica, garántese a cobertura de internet de banda larga ultrarrápida o 45% dos veciños de Cartelle e en A Merca o 53%, incluíndo os núcleos citados de Sabucedo e Pereira de Montes. Estas actuacións están xa en marcha e garanten estas porcentaxes de cobertura, que se poderán incrementar coas convocatorias pendentes do Estado. Unha delas publicada este ano por importe de 18,5 millóns de euros, que está previsto adxudicar este ano.

